

Castroverde, as vellas feiras

(a Miranda, no centenario do seu mercado)

Ricardo Polín

En tal día do Pilar de hai 100 anos (outubro do 24, domingo de lúa minguante), arrincaba o mercado en Santiago de Miranda, na Terra de Castro Verde. Están, pois, de centenario. Unha feira mensual que prometía, ao contar cun recinto pintoresco sobre esa encrucillada no camiño desde Souto a Sobrado do Picato, por onde se fora andando a finais do XIX un veciño destacado, Manuel Lence o panadeiro de Viena-Capellanes nos madriles de finais do XIX.

Na periferia da aldea, a paraxe permitía que entrasen carruaxes co seu gando e cos produtos do campo. Anos despois comprobamos esa animación da feira, mesmo en días de faena. Campesiñas con galiñas, cestos de ovos e coellos, tamén na feira dos cochos. Os labregos coas súas reses, con vacas e xatos novos, todos a prezos subidos. Repartíranse folletos na capital do distrito. O entusiasmo era grande entre aqueles labradores e as vendas do mercado aumentaban cada feira, exhortando deste xeito para acudir ao evento: “¡Paisanos, paisaniñas, compradores! Concurrid a vuestra feria y ayudaréis a hacer Patria...”.

Cunha legua de contorna á redonda, do marco das Pedras Rubias á fonte do Castro do Couto, Miranda tiña entón como mestre desa flamante escola creada en 1917 a Jesús López Carballo, que pronto o relevaría Eulogio Fernández Ferreiro. Mais quen alegraba a feira era a Cega de Miranda, a última violinista cantareira de romances, que habitaba desde 1908 co seu home e tres fillos na que foi casa do Neto. (Nese intre, o mesmo ano, Enriqueta de Ribón, a popular guerrilleira, ingresaba na Normal do Maxisterio e lembraba coa súa lúcida palabra: “A Escola debe atender as capacidades, non ao poder do diñeiro...”).



Desde tempos xa distantes, sempre houbo nas aldeas outros pequenos mercados, a maioría sen gando, na cruz das vellas calzadas, nos lugares máis poboados ou no adro das igrexas, nos muros de fortalezas ou nas prazas. Son as nosas vellas feiras. En Castro Verde houbo varias. Tiveron gran relevancia:

Santa Eufemia de Covelas, á sombra da carballeira

Poderemos encontrala agochada entre os carballos xunto ao Camiño Ancho, naquela cruz da vereca que transita atravesando de San Miguel de Covelas a San Miguel do Camiño, xa indo cara Santiago. Tamén aquí se abrazan outras parroquias veciñas: de Monte a Pereiramá e mesmo a Vilariño, a vila municipal. Perto do Mesón da Cabra, pousada de xogadores e de xentes que pasaban cara as terras de Chamoso, de Castela ou de Sarria.

Nese campo aínda están as ruínas dunha potentada casa que tivo pedra de armas, do que resta das súas terras e da pequena capela á que hai xa certo tempo lle roubaron as campás, acallando a súa chamada. Só unha vez cada mes se facía o mercadiño no corazón deste bosque rodeado de valados, onde medran os carballos e emerxen os penedos con formas tan redondeadas que semellan ser feirantes que aínda agardasen a que voltasen as xentes, o seu gando e os tratantes. Un recinto extraordinario.

Mercados de Vilabade, pola Pascua e por San Marcos

Foron dos máis frecuentados, naquela praza cercada que conserva os pousadoiros dando a volta á Casa Grande. E o máis vello de todos sempre era pola Páscoa, onde nunca se vendía nin un boi nin unha vaca, só os produtos do agro. Desde a Baixa Idade Media, xa entrado o XVI, aumentara a familia e medrara a economía.

Tiñan mercado de peixe, viño, manteiga ou madeira e cousas de mercería. Mesmo trataban nos panos, pagando a alcabala.

Tamén viñan polas fabas e para comprar liña o 25 de marzo. Era a “feira dos cereais”, un mercado anual até ir esmorecendo no tempo de entreséculos, cando se foron tamén os veciños xa maiores. Chegaban de Tras da Serra —camiñando ou a cabalo— grandes fatos de persoas que chamaban “os serranos”, que baixaban en rabaños desde a Terra de Valeira, do Val de Neira de Rei e dos montes de Carañón ao lado do Pradairo. Por aquí tamén pasaban algúns deses vagabundos que en 1605 aínda se acollían a durmir no hospital chamado de San Gabriel, máis arriba en Frontoi.

Feira de Santa Xuliana e Vilariño na Praza

Como era de agardar, ao se formar o concello co réxime liberal, tratou de reafirmarse suprimindo antigos símbolos da estrutura señorial. Así que tamén caeu o rolo xurisdiccional, o da casa de Altamira presente xunto ao castelo, alusivo á autoridade e á xustiza no trato, a protección concedida aos feirantes que acudían ao mercado.

Así se foi concentrando aquela feira na Praza, ás portas da Fortaleza, decaendo os mercados das aldeas e dos barrios. Como ao cabo aconteceu na freguesía de Monte, alí en Santa Xuliana, que acollía unha feira para o comercio do liño nese cruce de camiños que lle chaman O Vilar, o sitio por onde pasa un río ben singular que lle din Rego da Santa, onde houbo unha capela da que fica só a pía, despois que a imaxe fuxira para a igrexa de Arcos, acompañando a San Paio.

E de volta a Vilariño, camiño da Fortaleza, arimadas ao castelo contra a segunda muralla, ben se puido constatar até os tempos actuais, a presenza de fornelas e de xanelas tapiadas, de alacenas das tabernas do feiral, sobre todo na morada do Ferreiro, cando aínda conservaba a cociña de lareira, o seu forno e pendella.

A feira seguía viva a finais do XVIII, un mercado mensual, sempre o último sábado, con vacún e máis con cochos, e algo de lenzaría, como di Lucas Labrada na descrición deste Reino, a tres leguas ao nordeste desde as murallas de Lugo, con postos diseminados todo ao longo deste núcleo, sendo un asentamento bastante equidistante doutros sitios das aforas do concello, máis lonxe de Vilariño, onde estas casas da Praza arrolaban cos seus muros ese

ambiente tan festivo, nun recinto recollido, polo lado máis solló.

Esa Miranda de vello, ‘onde deus chocou co demo’

Hai cen anos, todo isto aconteceu xunto á serra de Miranda, sobre terreo folgado xusto á beira da estrada que pasa para Sobrado, onde estivo o mercadiño no medio da encrucillada á entrada da parroquia, xa polo pico da costa onde Enriqueta Otero (*A Pasionaria Galega*) levaría un pendello para Casiña dos Nenos e chocaría co crego nesa curva tan cerrada na que ela interpretaba que chocara deus co demo. E abofé que acertaba. E lembremos que esta feira con froitos dos nosos agros, na calzada medieval entre Outeiro e O Picato, arrincara o día 12, pola festa do Pilar dese ano 24 do século que ten pasado, a advocación máis antiga das marianas.

(As xentes de Castro Verde tirábanse polo mundo e chegaban desde alí —o máis verde señorío— a outras feiras antigas, contra Castro ou cara Meira, coa que alterna; ao 13 de Adai ou a Duancos; e a Mosteiro, a Gomeán, a Baralla ou a Sobrado e polo 12 no Cádavo).

***Ilustración: A Cega de Miranda tocando na
súa feira.**